

REPASO TEMA 3:

CIENCIAS SOCIAIS: ORGANIZACIÓN POLÍTICA E TERRITORIAL

1. DEMOCRACIA.

O país no que vivimos posúe unha sociedade democrática. É dicir, vivimos nunha democracia onde son os cidadáns os que elixen as persoas que gobernan o país.

A **democracia** significa que todos os cidadáns do Estado son iguais, cos mesmos dereitos e obrigas

2. A CONSTITUCIÓN. DEREITOS, DEBERES E LIBERDADES.

A lei básica, fundamental e principal do Estado Español é a **Constitución Española**. Por iso, todos os habitantes do país temos a obriga de cumprir o que se establece na mesma.

Nela veñen establecidos unha serie de puntos:

1. En primeiro lugar, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns españois.
2. Marca as directrices sobre a organización política: monarquía parlamentaria e división de poderes.
3. Sinala a organización territorial, é dicir, de que maneira se divide o territorio español.

Dereitos: Estes equivalen ás necesidades máis relevantes que unha persoa pode ter soamente polo feito de pertencer a unha sociedade. Algún exemplo pode ser: dereito á vida, á educación, á sanidade, etc.

Liberdades: Os cidadáns teñen a liberdade de expresar a súa opinión, liberdade de pertencer a asociacións legais ou a ter unha crenza determinada, un pensamento

Deberes: todos temos que cumprir unhas obrigas para que a nosa sociedade funcione sen problemas.

RECORDADE OS NÓSOS DEREITOS E LIBERDADES DEBEN TER EN CONTA ÓS/ÁS NÓSOS/AS COMPAÑEIROS/AS.

■ **ESPAÑA**

3. OS SÍMBOLOS DO ESTADO:

Todo os países teñen símbolos que os identifican e diferencian dos demais. Estes símbolos acostuman ser tres: bandeira, himno nacional e escudo.

- A bandeira española.
- O himno nacional, o cal non ten letra oficial.
- O escudo.

4. ORGANIZACIÓN TERRITORIAL: XEOGRAFÍA DE ESPAÑA

Unha **comunidade autónoma** é unha zona xeográfica que está dotada de autonomía. Está formada por unha ou varias **provincias** que se relacionan entre elas por diferentes causas que poden ser xeográficas, históricas ou incluso lingüísticas.

O noso Estado está composto ou dividido en dezasete comunidades autónomas e, a maiores, dúas **ciudades autónomas**: Ceuta e Melilla. Algunhas das comunidades, como Madrid, son uniprovincias, postoque están formadas por unha única provincia. Cada unha das autonomías ten o seu propio estatuto de autonomía.

5. ORGANIZACIÓN POLÍTICA EN ESPAÑA

Hai moitos sistemas políticos: democracia, monarquía parlamentaria,

→ Poderes políticos do Estado

Poder legislativo: (son os que crean as leis para nós cumprilas)

Está en mans das Cortes Xerais. Elabora as leis e controla a acción do Goberno (o que fan os que mandan).

Poder xudicial: (son os que xuzgan se non se cumpren as leis)

en mans dos Tribunais de Xustiza. Fai que se cumpran as leis e xulga o seu incumprimento.

Poder executivo: dánlle o visto bo para que todo vaia ben

En mans do Goberno. Presidente (Pedro Sánchez) e Deputados

■ GALICIA

→ Ao igual que vimos que a lei fundamental de España é a Constitución, cada comunidade autónoma tentamén a súa lei suprema: o **Estatuto de Autonomía**. Neste Estatuto veñen reflectidos datos da comunidade como o nome, o territorio que ocupa, cal é a súa capital, os símbolos que a representan, a lingua oficial da comunidade, as institucións do seu goberno e os dereitos e deberes dos cidadáns que forman parte dela. O Estatuto de Autonomía de Galicia foi aprobado o 21 de decembro de 1980

→ **Goberno autonómico de Galicia**

O goberno autonómico de Galicia está composto por:

- **Estatuto de autonomía**,
- **Parlamento** é a institución que representa o pobo. Está formado polos deputados,,
- **Consello de Goberno** O presidente da Xunta neste momento Alberto Nuñez Feijoo
- **Tribunal Superior de xustiza de Galicia** (poder que xuzga)

→ **SIMBOLOS DE GALICIA**

A bandeira:

é un rectángulo branco, cunha banda azul en diagonal dende o extremo superior esquerdo ata o extremo inferior dereito. Ten o escudo da comunidade de Galicia no centro.

O escudo:

está formado por un cáliz de ouro, cunha hostia enriba e sete cruces prateadas ao redor, sobre un fondo azul.

O himno:

a letra está constituída polo poema

Os pinos, de Eduardo Pondal e a música compúxo Pascual Veiga. Nela, noméase a Galicia como o fogar de Breogán, un rei celta que viviu en Galicia.

ACTIVIDADES. Copiamos as preguntas e contestamos

1. Que é a democracia?

2. Que é a Constitución Española?

3. Que é o Estatuto de Autonomía?

4. Estás de acordo : "*os nosos dereitos deben ter en conta o dos demais*". Di sí ou non e explica as túas palabras (mínimo 3 liñas)

5. Seguramente terás unha aldea coñecida. O que debes facer é unha tarefa de investigación. Debes buscar:

- O nome dunha aldea.
- A parroquia á que pertence.
- O concello do que forma parte.
- A comarca a que pertence.
- A provincia galega na que se atopa

FELICIDADES XA SABES A ORGANIZACIÓN DA TÚA COMUNIDADE AUTÓNOMA: aldea-parroquia-concello-comarca-provincia. A nosa COMUNIDADE AUTÓNOMA é

6. Debuxa a bandeira da comunidade autónoma e o seu escudo.

7. Escribe o Himno Galego.

Que din os rumorosos
na costa verdecente,
ao raio transparente
do prácido luar?
Que din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido
e de benignos astros,
confín dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso ronco son,
mais sóo os iñorantes
e féridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non.

Os tempos son chegados
dos bardos das edades
que as vosas vaguedades
cumprido fin terán;
pois, donde quer, xigante
a nosa voz pregoa
a redenzón da boa
nazón de Breogán.